

**SANTOS HÉCTOR, SECRETARIO PROVINCIAL DO PSOE, NON
COMPARECE AO ACTO DE CONCILIACIÓN SOLICITADO POR AER**



A consecuencia das declaracións realizadas polo Secretario Provincial do PSOE o 11/06/2015, nas que aseguraba *“ter sospeitas moi fundadas de que os membros de AER recibiran favores laborais do Alcalde de Redondela e da Deputación”*, a **Agrupación de Electores de Redondela acudiu ao Xulgado para denunciar** a falsidade de ditas acusacións.

Como primeiro paso, celebrouse o acto de conciliación ante o Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Pontevedra, na data do 15 de xullo de 2.015, **acto ao que non asistiu o Secretario Provincial do PSOE, D. Santos Héctor**, a pesar de estar citado.

O feito de que o Secretario Provincial do PSOE non fixera acto de presenza no acto de conciliación celebrada no Xulgado, dá a entender que as manifestacións realizadas na data do 11/06/2015 eran totalmente falsas cuxa única finalidade era desacreditar aos membros da Agrupación de Electores, e obter rédito político.

Ante as graves acusacións realizadas, nestes momentos estase avaliando posibilidade de **interpoñer a querela criminal por un presunto delito de calumnias e injurias**.

Dende AER pedimos que o PSOE de Redondela se desmarque das declaracións de Santos Héctor.

Redondela, a 15 de setembro de 2015